



**CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DE LECTURA**  
**CURSO 2023-24**

---

**I.E.S. PLURILINGÜE ADORMIDERAS**

<b>1. INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>3</b>
<b>2. OBXECTIVOS:</b> .....	<b>4</b>
<b>3. ACCIÓNS:</b> .....	<b>4</b>
OBXECTIVO 1: Determinar o nivel de comprensión lectora do alumnado. ....	4
OBXECTIVO 2: Fomentar a lectura comprensiva para desenvolver a competencia lectora.....	5
OBXECTIVO 3: Desenvolver a competencia escritora. ....	5
OBXECTIVO 4: Fomentar o hábito da lectura. ....	6
OBXECTIVO 5: Favorecer a inclusión no referente ao acceso á lectura.....	7
OBXECTIVO 6: Educar no uso crítico da información (ALFIN e AMI). ....	8
OBXECTIVO 7: Apoiar a adquisición das competencias clave.....	8
OBXECTIVO 8: Favorecer a incorporación de tecnoloxías dixitais de lectura, escritura e xestión da información. ....	9
OBXECTIVO 9: Promover unha estrutura organizativa de xestión do Plan.....	9
OBXECTIVO 10: Difundir os recursos. ....	9
<b>3. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:</b> .....	<b>10</b>
ARTES PLÁSTICAS: .....	10
BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:.....	12
FILOSOFÍA:.....	15
FRANCÉS: .....	16
LATÍN E GREGO: .....	18
LINGUA CASTELÁ: .....	19
LINGUA GALEGA:.....	23
MATEMÁTICAS:.....	25
<b>4. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, E MODIFICACIÓN DO PLAN:</b> .....	<b>25</b>
<b>5. DIFUSIÓN DO PLAN:</b> .....	<b>25</b>
<b>6. GLOSARIO DE ABREVIATURAS:</b> .....	<b>26</b>

## 1. INTRODUCCIÓN

A **Lei orgánica 3/2020**, do 29 de decembro, pola que se modifica a **Lei orgánica 2/2006**, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 113 establece que os centros de ensinanza disporán dunha biblioteca escolar, que estes instrumentos educativos contribuirán a fomentar a lectura e a que o alumnado acceda á información e outros recursos para a aprendizaxe das demais áreas e materias, e poida formarse no uso crítico dos mesmos, debendo contribuír estas bibliotecas escolares a facer efectivos os principios pedagóxicos referidos á lectura, e dispoñendo que a organización das bibliotecas escolares deberá permitir o seu funcionamento como espazo aberto á comunidade educativa dos respectivos centros, así como que a súa dotación se fará de forma progresiva.

As **Ordes** que desenvolven os **Decretos** que regulan a ordenación e os currículos de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (**156/2022** e **157/2022**) establecen que os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un Plan de Lectura. Dito plan terá por finalidade, no contexto do apoio da adquisición das competencias clave, **a promoción e o fomento de:**

- a lectura,
- a escritura,
- as habilidades no uso, no tratamento e na produción da información.

O Plan de lectura será concretado anualmente nun apartado específico da Programación xeral anual e será tido en conta para a elaboración das programación dos Departamentos didácticos, así como dos distintos plans do centro. Segundo se indica na **Resolución do 20 de setembro de 2023**, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, desde a biblioteca escolar coordinaranse as actuacións para o desenvolvemento do Plan de Lectura.

A persoa responsable da concreción do plan de lectura para o curso 2023-24 será **Mercedes Montserrat Llamas Blanco**, coordinadora do equipo de biblioteca.

A **concreción anual do Plan de lectura** ou **Plan anual de lectura (PAL)** é un programa con obxectivos e accións para o desenvolvemento do **Plan de lectura (PL)**. Tratamos de

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

deseñar un plan personalizado e adaptado ás características específicas do noso centro, que vaia encamiñado a mellorar as competencias fundamentais de lectura e escritura do noso alumnado desde todas as áreas do currículo, xa que nelas se atopa a base de calquera tipo de aprendizaxe. No desenvolvemento do Plan de lectura, a través do Plan anual de lectura, vanse incorporando, ano tras ano, actividades, propostas e fórmulas de intervención que enriquecerán a seguinte revisión do proxecto.

## 2. OBXECTIVOS:

Presentamos a continuación todos os obxectivos xerais recollidos no Plan de lectura:

1. Determinar o nivel de comprensión lectora do alumnado.
2. Fomentar a lectura comprensiva para desenvolver a competencia lectora.
3. Desenvolver a competencia escritora.
4. Fomentar o hábito da lectura.
5. Favorecer a inclusión no referente ao acceso á lectura.
6. Educar no uso crítico da información (alfabetización información).
7. Apoiar a adquisición das competencias clave.
8. Favorecer a incorporación de tecnoloxías dixitais de lectura, escritura e xestión da información.
9. Promover unha estrutura organizativa de xestión do plan.
10. Planificar e pór en marcha canles de comunicación e difusión das accións e os recursos.

## 3. ACCIÓNS:

A partir dos obxectivos propostos no Plan de lectura presentamos unha concreción para o curso 2023-24 e propoñemos unhas accións para acadalos, a temporalización estimada e os responsables da súa aplicación.

### **OBXECTIVO 1: Determinar o nivel de comprensión lectora do alumnado.**

- Diseñar e elaborar unha proba cualitativa que inclúa prácticas de lectura individualizada para analizar a comprensión lectora do alumnado. Presentamos un modelo de táboa de recollida de datos por grupo. O resto dos apartados a estudar serán avaliados en sucesivas fases. Ver máis indicacións no PL.

**Temporalización:** meses de xaneiro-maio.

**Responsables:** grupo de traballo da biblioteca (GTB).

**Indicadores de logro:** elaborar unha proba que avalíe a comprensión lectora do alumnado.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

## **OBXECTIVO 2: Fomentar a lectura comprensiva para desenvolver a competencia lectora.**

- Proporcionar unhas técnicas de lectura claras e sinxelas que se adapten aos diferentes textos tendo en conta non só os niveis de dificultade senón tamén a finalidade da lectura.
- Realizar unha lectura consciente e activa (ver indicacións no do PL).
- Elaborar resumos e esquemas que axuden a discernir as ideas principais das secundarias.
- Realización de borradores, bosquejos, guións..., antes de elaborar un traballo.
- Realización de glosarios que os axuden a ampliar o vocabulario.
- Incluír actividades relacionadas coa lectura sempre que sexa posible en actividades de aula, tarefas de casa, titorías, actividades complementarias...
- Organizar actividades de lectura en voz alta e lecturas compartidas.
- Promover a lectura e práctica teatral a través da participación nun grupo de teatro escolar.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** todo o profesorado, EB, EDLG.

**Indicadores de logro:** que cada profesor/a leve a cabo alo menos dúas actividades das propostas.

## **OBXECTIVO 3: Desenvolver a competencia escritora.**

- Traballar con guías de léxico, de tipos de argumentación, etc.
- Elaboración de traballos escritos tipo “memoria” que acompañan aos proxectos artísticos.
- Elaboración de traballos de investigación escritos.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** todo o profesorado.

**Indicadores de logro:** poñer en práctica alo menos unha das actividades desde cada materia.

- Organizar e promover actividades de escritura creativa, por exemplo, a través de concursos.
- Promocionar o valor da creatividade na escrita a través da inclusión de textos revista do centro.

**Temporalización:** todo o curso.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

**Responsables:** Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG), EB.

**Indicadores de logro:** publicación da revista Mapoula. Organización de, alo menos un concurso de escrita creativa.

#### **OBXECTIVO 4: Fomentar o hábito da lectura.**

- Promocionar a participación no Club de lectura (CL) través dos diferentes grupos:
  - Club de lingua francesa.
  - Club de lingua inglesa.
  - Club de lectura de ciencias (en colaboración co Club de ciencia).
  - Club de lectura dramatizada.
  - Club de fíos.
  - Club de adultos.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** CL, departamentos.

**Indicadores de logro:** alumnado e profesorado implicados, reunións organizadas, libros lidos.

- Organizar a actividade sistematizada de lectura na aula (Hora de ler) que consistirá nun tempo diario de lectura nos cursos da E.S.O., de luns a venres. Elaborarase un calendario mensual que se publicará para coñecemento de todo o profesorado, no que se buscará a rotación de materias en función da súa periodicidade semanal. O tempo de lectura estipulado será de 20 minutos, ao comezo da clase. Para o seu desenvolvemento o EB, en colaboración cos distintos departamentos, elaborará unha variada selección de textos propostos, que poderán atoparse en bibliotecas ou caixas de aula. Permitirase a libre elección do alumnado, podendo traer tamén os seus propios libros ou revistas. O profesorado servirá de exemplo para esta actividade, na que o tempo se dedicará á lectura por pracer.

**Temporalización:** todo o curso. 20 minutos diarios.

**Responsables:** EB, todo o profesorado que imparte clase na ESO.

**Indicadores de logro:** reconto do tempo dedicado á lectura e grao de satisfacción de alumnado e profesorado.

- Participar nunha actividade de formación e animación á lectura na Biblioteca Municipal de Monte Alto.

**Temporalización:** 2 sesións en abril.

**Responsables:** EB.

**Indicadores de logro:** celebración da actividade.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- Difundir os fondos bibliográficos e audiovisuais da biblioteca e dos departamentos a través de exposicións temáticas, exposicións de novidades, guías de lectura e guías de novidades, recomendacións lectoras.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** EB, GTB, equipo de alumnado voluntario.

**Indicadores de logro:** número de exposicións realizadas, guías elaboradas, recomendacións lectoras en formato papel e audiovisual publicadas.

- Elaborar unha enquisa sobre hábitos lectores, para completar preferentemente nun formulario dixital.

**Temporalización:** decembro a maio.

**Responsables:** GTB.

**Indicadores de logro:** documento dixital elaborado.

#### **OBXECTIVO 5: Favorecer a inclusión no referente ao acceso á lectura.**

- Favorecer a asistencia, dentro e fóra do centro escolar, a presentacións de libros, revistas, encontros con autores, ilustradores, lecturas conxuntas, representacións teatrais, e fomentar a conexión entre a lectura e outras formas de expresión cultural: cine, música...

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** profesorado dos diferentes departamentos, coordinados pola vicedirección (Equipo de Actividades Extraescolares), EB, CL, EDLG.

**Indicadores de logro:** número de actividades levadas a cabo.

- Elaboración de instrucións para a adaptación de materiais aos principios do Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA).

**Temporalización:** marzo-maio

**Responsables:** GTB.

**Indicadores de logro:** documento elaborado, posto á disposición de todo o profesorado.

- Revisar, organizar e complementar os fondos da biblioteca que respondan ás necesidades de todo o alumnado.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** EB, Departamento de Orientación.

**Indicadores de logro:** grao de revisión, catalogación, detección de necesidades e adquisición de fondos.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

## **OBXECTIVO 6: Educar no uso crítico da información (ALFIN e AMI).**

- Creación de materiais propios de xestión e uso da información. Definición dos temas dos que se elaborarán diferentes guías de manexo da información.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** GTB.

**Indicadores de logro:** elaboración dunha guía de manexo da información.

- Organizar charlas e obradoiros sobre uso das redes sociais, videoxogos, etc.

**Temporalización:** xaneiro-abril.

**Responsables:** EB e Departamento de Orientación, coordinados pola vicedirección (Equipo de Actividades Extraescolares).

**Indicadores de logro:** organización de alo menos unha charla para o 1º ciclo da ESO e outra para o 2º.

- Organizar actividades sistematizadas de formación de usuarios de biblioteca.

**Temporalización:** outubro-novembro.

**Responsables:** EB.

**Indicadores de logro:** organización de alo menos unha sesión co alumnado de 1º ESO.

## **OBXECTIVO 7: Apoiar a adquisición das competencias clave.**

- Seleccionar lecturas complementarias de todas as áreas e para todos os cursos, tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario. O EB encargárase de recompilar as listaxes de libros e realizar as adquisicións que se considere convinte para o catálogo da biblioteca.

**Temporalización:** setembro-outubro.

**Responsables:** departamentos, EB.

**Indicadores de logro:** itinerarios lectores creados.

- Crear e fomentar bibliotecas de aula. Empezarase este ano a través da selección dos fondos que se empregarán na “Hora de ler”.

**Temporalización:** outubro-febreiro.

**Responsables:** EB, departamentos.

**Indicadores de logro:** bibliotecas de aula creadas e fondos engadidos.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

### **OBXECTIVO 8: Favorecer a incorporación de tecnoloxías dixitais de lectura, escritura e xestión da información.**

- Establecer as bases para dinamizar a lectura dixital, sobre todo a través de plataformas de Bibliotecas Escolares (ELBE-2) e outras bibliotecas públicas galegas (Galicia Le).

**Temporalización:** decembro-xuño.

**Responsables:** GTB, EB, Equipo TIC e Equipo do Plan dixital, CL.

**Indicadores de logro:** alta de usuarios e elaboración dunha guía de uso das plataformas de lectura dixital para alumnado e para profesorado.

- Organizar o uso e xestión para lectura e consulta de información dos dispositivos do centro (ordenadores da biblioteca, das aulas de informática, dispositivos móbiles).

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** EB, Equipo TIC e Equipo do Plan dixital.

**Indicadores de logro:** posta en marcha e instalación de enlaces a plataformas de lectura nos dispositivos.

### **OBXECTIVO 9: Promover unha estrutura organizativa de xestión do Plan.**

- Constituír grupos de traballo ou seminarios, a través de PFPP do centro, que contribúan á posta en marcha deste plan.

**Temporalización:** setembro-outubro.

**Responsables:** EB, GTB.

**Indicadores de logro:** grupo de traballo constituído e número de profesorado implicado.

- Favorecer e manter unha rede de traballo cooperativo entre o profesorado, mesmo doutros centros, persoal externo, promovendo o intercambio de experiencias, a reflexión e o desenvolvemento profesional.

**Temporalización:** todo o curso.

**Responsables:** EB, GTB, todo o profesorado.

**Indicadores de logro:** asistencia a xornadas de bibliotecas, contacto con micro redes de bibliotecas da contorna, profesorado e departamentos que participan en actividades.

### **OBXECTIVO 10: Difundir os recursos.**

- Utilizar a revista do centro (Mapoula) para difundir materiais e experiencias.

**Temporalización:** todo o curso

**Responsables:** EB, EDLG.

**Indicadores de logro:** artigos publicados na revista.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- Difundir os recursos, materiais elaborados e actividades organizadas a través da páxina da biblioteca, aula virtual da biblioteca e aulas virtuais do club de lectura e do EDLG.

**Temporalización:** todo o curso

**Responsables:** EB, GTB, EDLG.

**Indicadores de logro:** grao de coñecemento do profesorado e alumnado das plataformas de difusión de recursos dixital.

- Difundir os recursos, materiais elaborados e actividades organizadas de xeito físico, na sala de profesorado do centro.

**Temporalización:** todo o curso

**Responsables:** EB, GTB, EDLG.

**Indicadores de logro:** taboleiro mural instalado.

### 3. ACHEGAS DOS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS:

#### ARTES PLÁSTICAS:

- Lectura guiada na aula de artigos seleccionados polo profesorado e colgados na aula virtual que sirvan de reflexión e debate sobre o tema que estamos a tratar. Realizarase cunha periodicidade mínima de 2-3 por trimestre.
- Traballarase a comprensión lectora e a mellora na escrita a través de da elaboración de comentarios escritos, a súa posta en común e corrección, que permita unha melloría na expresión escrita e na redacción.
- Estudarase as características das linguaxes visuais e plásticas empregadas en diferentes libros ilustrados a través do acceso dixital e dos libros en papel cos que conta a biblioteca.
- Revisarase e actualizaranse as biblioteca de aula e de departamento.
- Realizaranse visitas á biblioteca do centro para a consulta de materiais e a promoción da lectura de libros relacionados coas materias específicas do Bacharelato de Artes, así como cómics, novela gráfica e álbums ilustrados como mínimo dúas veces ao ano.
- Proporanse adquisicións para enriquecer a sección de Artes e Banda deseñada da biblioteca do centro.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- Levaranse a cabo actividades de creación de ficcións sonoras en torno a lecturas obrigatorias das materias de linguas.
- Elaboración de ilustracións, en linguaxe audiovisual ou pictórica baseada en textos escritos.
- Proporase a lectura de libros e visualización de películas da lista indicada a continuación, ou de calquera libro pertencente á sección de Artes da biblioteca. Nas probas escritas poderase incluír algunha pregunta na que o alumnado desenvolva un comentario crítico guiado sobre o lido. Nas aulas virtuais das materias do departamento pode actualizarse esta lista durante o curso e contextualizarse por niveis, cursos e materias.

### **Libros técnicos e ensaios:**

- Manual Completo de Materiales y Técnicas de Pintura y Dibujo, Ed. Parramon.
- Pintura al pastel práctica, Ed. GG.
- Iniciación a la composición, Martín Roig, Gabriel / Ramos, María del Carmen.
- La vía del creativo. Guía para reinventar nuestra práctica y nuestra mirada, Guillaume Lamarre.
- Manchas y trazos. El arte de fusionar pintura y dibujo, Felix Scheinberger.
- Acuarela creativa. Guía paso a paso para principiantes, Ana Victoria Calderón.
- Explorar la pintura, Beverly Philp, Sam Piyasena.
- Ser ilustrador. 100 maneras de dibujar un pájaro o cómo desarrollar tu profesión, Félix Scheinberger.
- Dibuja primero, piensa después, Mike Yoshiaki Daikubara.
- The Creative License, Gregory, Danny.
- El arte importa, Neil Gaiman.
- Como crear un portfolio, Fig Taylor..
- 101 cosas que aprendí en la escuela de arte, Kit White.
- Abitar el error, Guridi.
- Principios de ilustración, Lawrence Zeegen.
- Collage, Moore, Alannah.
- Arte y miedo: peligros (y recompensas) de la creación artística, David Bayles, Ted Orland; Miguel Cisneros; Elena Odriozola.
- Illustration Now, Ed. Taschen.
- 100% ilustración, Ed. Bululú.
- Emocionarte. La doble vida de los cuadros, Carlos del Amor.
- Matices, Thais Duthie.
- Conexiones creativas. La herramienta secreta de las mentes innovadoras, Dorte Nielsen y Sarah Thurber.
- El complot del Arte. Ilusión y desilusión estéticos, Jean Baudrillard.
- Mirar, John Berger.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- Qué estas mirando. 150 años de arte moderno en un abrir y cerrar de ojos, Will Gompertz.
- Piensa como un artista, Will Gompertz.
- Miró. Yo trabajo como un hortelano, Yvon Taillandier .
- Cartas a Theo, Vincent Van Gogh.
- Conversaciones con Marcel Duchamp, Pierre Cabanne.
- Retrato del artista adolescente, James Joyce.
- Los cornudos del viejo arte moderno, Salvador Dalí.

#### **Libros de ficción:**

- El misterio Velázquez, Eliacer Cansino.
- El nervio óptico, Maria Gainza.
- El caso del artista cruel, Elia Barceló.
- La chica danesa, David Ebershoff.
- Anhelos de vivir, Irving Stone.
- El paraíso en la otra esquina, Mario Vargas Llosa.

#### **Películas documentais:**

- Carmen Herrera, The 100 Years Show.
- Finding Vivian Maier.
- Bill Cunningham New York.
- Qué tienes debajo del sombrero.
- Lucien Freud, A Painted Life.
- Abstract.

### **BIOLOXÍA E XEOLOXÍA:**

As lecturas e actividades propostas desde a área de Bioloxía e Xeoloxía pretenden contribuir ó desenvolvemento das seguintes competencias básicas: competencia en comunicación lingüística, competencia no tratamento da información, competencia dixital e competencia en aprender a aprender. O noso plan lector inclúe:

- Lectura e interpretación de textos variados relacionados directa ou indirectamente cos contidos das unidades didácticas para traballar a **lectura comprensiva** dos textos seleccionados.

Os textos utilizados serán obtidos de diversos tipos de fontes de información: lecturas seleccionadas nos libros de texto e/ou materiais elaborados polo profesorado, noticias de prensa, revistas, páxinas en Internet (recomendadas ou de procura libre), etc.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- Actividades de consulta de fontes diversas para informarse sobre temas concretos e elaborar un traballo-resume sobre ditos temas. Con estes resúmenes traballarase a **expresión escrita**, potenciarase a adquisición de **conceptos esenciais** ligados ó noso coñecemento do mundo natural, e a adquisición de **destrezas ligadas ó traballo científico** como a integración de coñecementos e procura de coherencia global.

- Procura nos medios informativos de noticias de actualidade relacionadas co desenvolvemento dos contidos e a súa análise e comentario. Preténdese **fomentar a lectura e a escritura para aprender a aprender**: técnicas de síntese na elaboración dos comentarios, realización de esquemas, mapas conceptuais, etc.

- Recomendación de lectura de libros de contido variado: que traten sobre contidos científicos, problemas ambientais, biomédicos, biografías,... entre os que o alumnado poda elixir segundo as súas preferencias. Preténdese así contribuir a fomentar o **hábito lector**.

Os traballos referidos a documentos aparecerán nas libretas dos alumnos e alumnas e serán controlados e valorados polos profesores correspondentes en cada curso e grupo.

Ademais, nos grupos da ESO, con estas lecturas e traballos os alumnos elaborarán un glosario con aquelas palabras ou termos científicos que descoñecesen. Este glosario recolle tamén, palabras e termos científicos dos libros de texto dos que descoñecían o seu significado, pretendéndose con isto que os alumnos e alumnas amplíen o seu vocabulario.

A elaboración por parte dos alumnos de traballos de investigación, bibliográficos ou de calquera índole, implicarán a exposición dos mesmos e a súa lectura ó resto do alumnado.

Por último, en cada nivel o profesorado proporcionará unha lista de libros de lectura voluntaria. A súa lectura e entrega dun resumo e comentario persoal serán valorados positivamente.

### **1º ESO**

- **My family and other animals**. Durrell, Gerald. Burlington books.
- **Birds, beasts and relatives**. Durrell, Gerald. Penguin books.
- **Max goes to the Moon**. Bennet, Jeffrey. Big Kid Science, 2012.
- **Ollos**. Gutiérrez, Xulio. Ed. Kalandraka.
- **Viaxeiros. Animais extraordinarios**. Gutiérrez, Xulio. Ed. Kalandraka.
- **Jules Verne e a vida secreta das mulleres planta**. Costas, Leticia. Ed. Xerais.
- **O paquete falante**. Durrell, Gerald. Ed. Sushi books.
- **Microalgas. El mundo oculto**. Pisón, Xulia. Ed. Universidade da Coruña, Facultade de Ciencias, 2018.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- **Primates. La intrépida ciencia de Jane Goodall, Dian Fossey y Biruté Galdikas**, Jim Ottaviani y Maris Wicks, Norma Editorial, 2015, Barcelona.
- **El profesor Astro Cat y las fronteras del espacio**, Dr. Dominic Walliman y Ben Newman, Barbara Fiore Editora, 2014, Granada.

### 3º ESO

- **Colección infantil e Xuvenil Sopa de libros. “O club de Ciencia”** (varios volumes)
- **O picnic**. Gerald Durrell.
- **Las chicas son de Ciencias.25 científicas que cambiaron el mundo**. Irene Cívico y Sergio Parra
- **Todas as respostas ás preguntas que nunca te fixeches**. Philippe Nessman
- **Ciencia en grageas**. José Antonio López Guerrero

### 4º ESO

- **Viaxe ó centro da Terra**. Julio Verne
- **A miña familia e outros animais**. Gerald Durrell.
- **Darwin: la evolución de la teoría**. Jordi Bayarri (cómic).
- **Un verano en Borneo**. Pilar Garriga.
- **El clan de Atapuerca**. Álvaro Bermejo.
- **As flores radiactivas**. Agustín Fernández Paz.
- **Ojos de pantera**. Silvia Aymerich.

### 1º BACHARELATO bx

- **Bichos e demais parentes**. Gerald Durrell.
- **A viaxe do Beagle**. Charles Darwin.
- **Dientes de gallina y dedos de caballo**. Stephen Jay-Gould.
- **El reloj de Mr Darwin**. Juan Luis Arsuaga.
- **Como se comunican las neuronas**: Juan Lerma.
- El Universo. Isaac Asimov.

### 1º BACHARELATO cc

- **Un novo mundo feliz**. Aldous Huxley
- **Vacas, cerdos, guerras y brujas**. Marvin Harris.
- **¡Que se le van las vitaminas!** Deborah García Bello.
- **La especie elegida**. Juan Luis Arsuaga e Ignacio Martínez.
- **El sanador de caballos**. Gonzalo Giner.

### 2º BACHARELATO bio

- **La doble hélice**. James Watson.
- **Células madre. La madre de todas las células**. José Antonio López Guerrero.
- **Deconstruyendo a Darwin**. Javier San Pedro.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

## FILOSOFÍA:

### Organización do tempo dedicado á lectura

- Fomentarse en xeral a lectura entre os nosos alumnos, propoñendo libros variados de elección libre para que poidan escoller cal lles interesa máis. Sobre todo potenciaremos a lectura en 4º da ESO e tamén en menor medida en 1º Bacharelato.

### Carácter das lecturas e itinerarios lectores

- Os libros recomendados serán de lectura voluntaria. O Departamento elaborará unha lista de posibles lecturas e valoraranse como un traballo de afondamento. A súa cualificación será o 10% do total da nota da materia.
- Potenciaremos o uso dos materiais que xa existen no fondo da biblioteca .
- Imos propor libros breves de autores clásicos como : “O Banquete “de Platón, “O home en busca do sentido” de V. Frankl, Textos dos autores estoicos (Séneca, Marco Aurelio...), Primo Levi “ Si, isto é un home”, J.P. Sartre :” O existencialismo é un humanismo”.
- Comics como “Persépolis” de Marjane Satrapi , “Mauss” de Art Spiegelman ou “Gran Historia visual de la filosofía” de Masato Tamaka.
- Lecturas de autores máis recentes como : “Ética para Celia” de Ana de Miguel o “Filosofía en la calle “ de Eduardo Infante.
- Tamén en 4º da ESO, dedicaremos un tempo a familiarizarse co uso do dicionario, facendo unha actividade grupal crítica sobre o uso da Wikipedia, valorando pero analizando ao mesmo tempo a súa credibilidade. Tamén os propios alumnos elaborarán coa axuda do profesor un dicionario persoal de termos filosóficos.

### Utilización dos recursos da biblioteca

- Participaremos como Departamento nas actividades que se propoñan desde a Biblioteca.
- Asesoraremos ao equipo da biblioteca e proporemos adquisicións de fondos bibliográficos e audiovisuais relacionados coas materias do noso Departamento.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

## FRANCÉS:

O departamento de francés adoita ter lecturas obrigatorias nos diferentes cursos pero os dous últimos anos decidimos facer algo diferente e darlle unha oportunidade á poesía e durante este curso imos seguir nesta mesma liña. Os alumnos terán que recitar poemas previamente seleccionados polo profesorado, memorizar algúns deles e, como tarefa voluntaria, ilustrar unha serie de poemas coa intención de facer unha exposición dos traballos realizados na terceira avaliación.

Ademais este curso e por primeira vez temos pensado facer un club de lectura de francés con sesións diferenciadas para os alumnos de ESO e os alumnos de bacharelato, dependendo do número de alumnos que se inscriban. Os alumnos de bacharelato terían unha sesión no primeiro trimestre e os alumnos de ESO no segundo trimestre (3º e 4º de ESO) e no terceiro trimestre (1º e 2º de ESO).

- Os poemas seleccionados\* para 1º e 2º de ESO aparecen ao final deste documento. Imos engadir algún poema máis para o club de lectura.
- O alumnado de 3º de ESO recitará e ilustrará algunhas das Fábulas de la Fontaine empezando, na primeira avaliación, por a fábula: “La cigale et la fourmi”.
- 4º de ESO e 1º de bacharelato estudiarán a poesía de Jacques Prévert, memorizando poemas como: “Déjeuner du matin” e “Le cancre” e outros poemas que iremos seleccionando ao longo do curso coa finalidade de darlle a coñecer ao alumnado os máis importantes poetas franceses, Victor Hugo, co seu poema: “Demain, dès l’aube” será o primeiro dos escritores que estudiarán os alumnos de 1º de bacharelato.
- O alumnado de 2º de bacharelato lerá tamén poesía. Para este grupo, faremos dous bloques:
  - a) Un bloque dedicado á poesía do simbolismo cunha selección de poemas de Baudelaire, Verlaine e Rimbaud.
  - b) Un bloque dedicado ás poetisas francesas, comezando cun poema de Christine de Pizan (primeira poetisa coñecida que viviu no século XIV) e acabando con algún dos poemas de Cécile Coulon, poetisa de gran éxito na actualidade.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

- E, por suposto, animarase ao alumnado a ler en francés utilizando os recursos que ofrece a biblioteca tanto de libros como de películas.

\*Poemas que recitará o alumnado de 1º e 2º de ESO:

#### BONJOUR LUNDI

Bonjour lundi  
Comment ça va mardi?  
Pas mal, mercredi  
Et toi jeudi ?  
Tu diras à vendredi  
Que je pars samedi  
Pour arriver dimanche.

#### JANVIER LE FIER

Janvier le fier, froid et frileux  
Février le court et fiévreux  
Mars poudreux, Avril pluvieux  
Mai joli, gai et venteux.

#### OÙ SONT ?

Où sont mes cousins ?  
Ils sont chez Martin  
Ils font du pain  
Où sont mes cousines ?  
Elles sont chez Martine  
Elles mangent des tartines.

#### LE CHAT ET LE SOLEIL

Le chat ouvrit les yeux  
Le soleil y entra  
Le chat ferma les yeux  
Le soleil y resta  
C'est pourquoi chaque soir  
Quand le chat se réveille  
J'aperçois dans le noir  
Deux rayons de soleil.  
(Maurice Carême)

#### QUAND JE METS

Quand je mets mon chapeau gris  
C'est pour aller sous la pluie  
Quand je mets mon chapeau vert  
C'est que je suis en colère

#### SAUTE SAUTE

Saute saute sauterelle  
Car c'est aujourd'hui jeudi  
je sauterai nous dit-elle  
du lundi au vendredi.

#### NOIR ET BLANC

Noir et blanc c'est l'hiver  
Vert et blanc c'est le printemps  
bleu doré c'est l'été  
jaune et vert c'est l'automne  
une année est passée  
nous allons recommencer.

#### PAGE D'ÉCRITURE

Deux et deux quatre  
quatre et quatre huit  
huit et huit font seize...  
Répétez ! dit le maître  
Deux et deux quatre  
Quatre et quatre huit  
Huit et huit font seize.

Mais voilà l'oiseau-lyre  
qui passe dans le ciel  
l'enfant le voit  
l'enfant l'entend  
l'enfant l'appelle :  
Sauve-moi  
joue avec moi  
oiseau !  
Alors l'oiseau descend  
et joue avec l'enfant  
Deux et deux quatre...  
Répétez ! dit le maître  
et l'enfant joue  
l'oiseau joue avec lui...  
Quatre et quatre huit  
huit et huit font seize

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.



En colaboración co Equipo da Biblioteca realizaremos actividades como a relación da mitoloxía e a táboa periódica, a influencia da cultura clásica na publicidade, celebración de San Valentín e a súa relación con Roma, realización do concurso Masterchef Romanus con receitas da antiga Roma e Grecia.

## LINGUA CASTELÁ:

- Selección de obras de lectura obligada (ver lista de lecturas seleccionadas en los distintos niveles).
- Recomendación de lecturas que puedan ser de interés para los alumnos, según su edad.
- Fomento de la solicitud de préstamos de la biblioteca escolar.
- Participación en las actividades propuestas por el Equipo de Biblioteca o por el Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Celebración del Día del Libro (23 de abril). Se hará un Concurso de deletreo de palabras para la ESO que podría celebrarse ese día.
- Lectura en el aula: tanto silenciosa como en voz alta.
- Participación en el Club de lectura.
- Dramatizaciones de alguna de las obras del programa de Literatura Universal.
- Desde el departamento de Lengua castellana y literatura y con la finalidad de desarrollar de una manera fehaciente el Plan de lectura, nuestra actividad irá encaminada a atender y fomentar dos frentes diferentes y cohesionados:

### Fomento de la lectoescritura:

Para la adquisición progresiva de las destrezas de lectoescritura, se seguirá el estudio y lectura de las obras propuestas para cada nivel y que quedan reflejadas en esta programación.

Daremos indicaciones al alumnado para su acceso a la biblioteca digital (**eGalicia**), habilitado en la red de bibliotecas públicas gallegas a través de la plataforma **GaliciaLe**.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

### **Fomento de la alfabetización informacional (A.L.F.I.N.):**

Puesto que uno de los objetivos de la **educación** secundaria es desarrollar en el alumnado destrezas básicas en relación con la utilización de las fuentes de información para **llegar a ser un usuario funcional y crítico** de las tecnologías de la información y la comunicación, hemos de favorecer el desarrollo de habilidades de búsqueda (uso de buscadores y recursos de búsqueda por términos clave) y selección de la información (**autoría, fiabilidad de la fuente consultada, etc.**), en todos los niveles y etapas educativas, mejorando las competencias de expresión y de creatividad. Se requiere también el aprendizaje de una serie de **lenguajes** específicos, desde el **textual** hasta los lenguajes **visuales, gráficos y sonoros**. Hemos de ayudar al alumnado a transformar también la información en conocimiento, lo que exige **destrezas de razonamiento** para organizarla, relacionarla, sintetizarla y hacer inferencias y deducciones de distinto grado de complejidad; y significa, asimismo, comunicar la información y los conocimientos adquiridos empleando los programas y los recursos expresivos más adecuados: procesadores de textos (para redactar, organizar, almacenar, imprimir y presentar documentos), editores gráficos, hojas de cálculo, bases de datos y programas que permiten exposiciones y presentaciones. En este sentido, aconsejamos al alumnado de ESO especialmente, a las familias y al Equipo de Biblioteca la obra de Ana Alonso titulada **Cómo hacer trabajos increíbles con Internet y otros recursos**, con ilustraciones de Kike Ibáñez, publicada en 2015 por la editorial Anaya (actualmente descatalogado).

\*\*Reseñamos a continuación algunos recursos digitales indispensables a los que nuestro alumnado puede acceder fácilmente.

### **Recursos digitales de Lengua española:**

[www.rae.es](http://www.rae.es) (Página web de la Real Academia Española que pone a nuestra disposición el Diccionario, la Nueva Gramática (2009) y la última edición de la Ortografía (2010), así como el Diccionario Panhispánico de Dudas o el Nuevo Diccionario Histórico del Español).

[www.dirae.es](http://www.dirae.es) (o diccionario inverso; sirve como buscador de sinónimos).

[www.wordreference.com](http://www.wordreference.com) (Diccionario de la lengua española de Espasa Calpe, de 2005)

[www.elcastellano.org](http://www.elcastellano.org) (Página web creada por la Asociación Cultural Nebrija, que cuenta con colaboradores de España y América Latina. Permite consultar su Diccionario etimológico, el primero en español en Internet).

[www.fundeu.es](http://www.fundeu.es) (Página web de la Fundación del Español Urgente, patrocinada por la

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

agencia Efe y la Fundación del BBVA, con el asesoramiento de la RAE. Atiende consultas sobre el uso correcto de nuestra lengua y proporciona claves para la redacción de noticias o la escritura en Internet. También ofrece muchos artículos sobre el uso correcto o incorrecto de nuevos términos en los medios de comunicación o expresiones de actualidad).

El sitio web [cvc.cervantes.es](http://cvc.cervantes.es) está orientado hacia extranjeros que estudian español como segunda lengua; contiene recursos interesantes como un podcast sobre los errores frecuentes del español (titulado “En sintonía con el español”), un comparador de refranes de distintas lenguas y un buscador de neologismos o palabras nuevas.

[www.cervantes.virtual.es](http://www.cervantes.virtual.es) (Es la página web de la Biblioteca virtual Miguel de Cervantes, creada en 1999 por la Universidad de Alicante y actualmente gestionada por una fundación que preside el escritor y premio Nobel de Literatura Mario Vargas Llosa. Entre sus secciones, destacan la Biblioteca infantil y juvenil; la Biblioteca Joan Lluís Vives, con textos en catalán; la Biblioteca das Letras Galegas, con textos en gallego; la Fonoteca, para personas con discapacidad visual y la Biblioteca de signos, para personas con discapacidad auditiva.

### **Bibliotecas virtuales:**

[www.bne.es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica](http://www.bne.es/Catalogos/BibliotecaDigitalHispanica) es un recurso online de la Biblioteca Nacional de España que facilita la consulta, descarga y lectura de libros impresos entre los siglos XV y XIX. También ofrece manuscritos, dibujos, grabados, folletos, carteles, fotografías, mapas, revistas y grabaciones sonoras.

[www.gutenberg.org](http://www.gutenberg.org) es un proyecto desarrollado por Michael Hart, un estudiante de la Universidad de Illinois, a partir de 1971, que consistía en crear una biblioteca accesible a todos. Actualmente sigue activo gracias a la colaboración de voluntarios que digitalizan los textos. Ofrece más de 40000 libros en diferentes idiomas y formatos, la mayoría de ellos son obras clásicas y libres de derechos de autor.

[books.google.es](http://books.google.es) es un servicio de Google que busca el texto completo de los textos que Google digitaliza. Permite descargar libros y documentos enteros en formato pdf., siempre que no se vulneren los derechos de autor. Se calcula que ya digitalizó más de 30 millones de títulos en más de cien países y en más de 400 idiomas.

[www.wdl.org/es](http://www.wdl.org/es) es una biblioteca digital creada en 2009 por la Library of Congress (Biblioteca del Congreso de los EEUU) y la UNESCO. Incluye libros, manuscritos, mapas, partituras musicales, películas, fotografías, planos de arquitectura y permite hacer búsquedas por temas, lugar, período histórico, etc.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

[www.ciberoteca.com](http://www.ciberoteca.com) es una biblioteca con más de 130000 textos literarios, científicos o técnicos disponibles en Internet. Además, tiene un servicio de bibliotecarios que solucionan dudas de los usuarios y ofrece también una sección llamada “Ciberoteca escolar”, con muchos recursos para estudiar y para el tiempo de ocio.

### **Hemerotecas:**

---

[bne.es/es/Catálogos/HemerotecaDigital](http://bne.es/es/Catálogos/HemerotecaDigital) (La Hemeroteca Digital de la Biblioteca Nacional de España ofrece más de mil títulos de periódicos y revistas representativos de una época, tanto de prensa política como científica, literaria, humorística, artística, deportiva o religiosa.

[bib.cervantesvirtual.com/hemeroteca](http://bib.cervantesvirtual.com/hemeroteca) (La Hemeroteca de la Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes ofrece acceso a revistas científicas y culturales de diversos temas.

[www.rtve.es/archivo](http://www.rtve.es/archivo) (La Hemeroteca de Radio Televisión Española cuenta con un fondo audiovisual muy interesante).

También están a nuestra disposición los archivos de La Vanguardia

([www.lavananguardia.com/hemeroteca](http://www.lavananguardia.com/hemeroteca)), de El País ([www.elpais.com/diario](http://www.elpais.com/diario)), de ABC ([www.hemeroteca.abc.es](http://www.hemeroteca.abc.es)), por ejemplo.

### **Museos:**

---

[www.museodelprado.es](http://www.museodelprado.es)

[www.museothyssen.org](http://www.museothyssen.org)

[www.man.es](http://www.man.es) (web del Museo Arqueológico Nacional)

[www.mncn.es](http://www.mncn.es) (web del Museo Nacional de Ciencias Naturales)

### **Otros recursos:**

---

[www.unesco.org/new/es](http://www.unesco.org/new/es) (La Organización para la Educación, la Ciencia y la Cultura - UNESCO- depende de las Naciones Unidas y en esta página web en español ofrece secciones dedicadas a las ciencias naturales, las ciencias sociales, la cultura y la educación. Resulta interesante para informarse sobre la celebración de días internacionales, iniciativas solidarias relacionadas con la cultura o sobre lugares considerados Patrimonio de la Humanidad).

[www.unicef.es](http://www.unicef.es) (Es la página web del organismo creado por Naciones Unidas para proteger a la infancia de todo el mundo).

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

[www.magrama.gob.es/es7red-parques-nacionales](http://www.magrama.gob.es/es7red-parques-nacionales) (Depende del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente).

### **1º ESO:**

López Narváez. El silencio del asesino.

R. J. Palacio. Wonder. La lección de August.

(Na 3ª avaliación a profesora fará una antoloxía de cancións coñecidas).

### **2º ESO:**

Martínez Navarro, Laida. Invisible.

Santos, Care. Mentira.

Christie, Agatha. La ratonera.

### **3º ESO:**

García I Cornellá, Dolors. Nocturno de Mafalda.

Díaz Valladares. La hija del tuareg.

Anónimo. El Lazarillo de Tormes.

### **4º ESO:**

Pardo Bazán, Emilia. Cuentos (a profesora indicarlles a selección).

García Lorca, Federico. La casa de Bernarda Alba.

Vasconcelos, J. M. Mi planta de naranja lima.

### **1º BACHARELATO:**

D. Juan Manuel. El conde Lucanor.

Cervantes. EL Quijote (adaptación de Pérez Reverte).

Zorrilla. Don Juan Tenorio.

### **2º BACHARELATO:**

García Lorca, Federico. Romancero gitano.

Grandes, Almudena. El lector de Julio Verne.

Buero Vallejo. La fundación.

García Márquez, Gabriel. Crónica de una muerte anunciada.

## **LINGUA GALEGA:**

O Departamento de Lingua Galega e Literatura dedícase na maioría das súas clases, especialmente na ESO á lectura de diferentes textos e xéneros literarios e á comprensión e interpretación dos mesmos.

Igualmente o Departamento proporciónalle unha lista de diversas lecturas optativas axeitadas á súa idade. Nos niveis de ESO e Bacharelato entrégaselle unha listaxe de libros

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

axeitados ao seu nivel para potenciar a lectura en galego. Estes libros de lectura voluntaria son valorados positivamente na cualificación global do alumnado polos membros do departamento.

Tamén se colabora de forma activa en todas as actividades deseñadas polo Equipo da biblioteca (entre outras moitas: celebración do día do libro 23 de abril, do 17 de maio, día das Letras Galegas, exposición de diverso material relativo á lectura: revistas, publicidade, fotografías...).

Por outra banda tamén se intenta potenciar o uso da lectura a través do comentario das obras de lectura obrigatoria. A saber este curso 23-24:

### **1º ESO:**

- 1ª avaliación: O misterio de Portomarín de Antía Yáñez
- 2ª avaliación: O misterio das badaladas de Xabier P. Docampo
- 3ª avaliación: Denébola a Roxa de Héctor Cajaraville

### **2ª ESO:**

- 1ª avaliación: Denébola a Roxa de Héctor Cajaraville.
- 2ª avaliación: Engurras de Paco Roca.
- 3ª avaliación: A balada dos unicornios de Leticia Costas.

### **3ª ESO:**

- 1ª avaliación: O corazón de Xúpiter de Leticia Costas.
- 2ª avaliación: Os nenos da varíola de Mª Solar.
- 3ª avaliación: Memoria do silencio de Eva Mejuto.

### **4º ESO:**

- 1ª avaliación: Futuro imperfecto de Xulia Alonso.
- 2ª avaliación: Pel de lobo de Xosé Miranda.
- 3ª avaliación: Os vellos non deben de namorarse de Castelao.

### **1º BACHARELATO:**

- 1ª avaliación: Ollos de auga de Domingo Villar.
- 2ª avaliación: Golpes de Luz de Leticia Costa.
- 3ª avaliación: A memoria da choiva de Pedro Feijoo / A viaxe de Gagarín de Agustín Fernández Paz (a elixir un dos dous).

### **2º BACHARELATO:**

- 1ª avaliación: Made in Galiza de Séchu Sende.
- 2ª avaliación: O sol de verán de Carlos Casares.
- 3ª avaliación: Un animal chamado néboa de Leticia Costas.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

## MATEMÁTICAS:

Fomentarase a lectura de noticias e textos breves relacionadas coas Matemáticas nos periódicos, revistas, páxinas web...

O obxectivo fundamental é conseguir que o alumnado entenda e interprete correctamente os textos que aparecen nos medios de comunicación expresadas coa linguaxe matemática.

Traballarase a lectura comprensiva dos enunciados dos problemas.

É fundamental que o alumnado comprenda perfectamente os enunciados dos problemas propostos para poder resolvelos, xa que a falta de comprensión lectora dos mesmos dificulta a súa resolución.

Na medida do posible, os exames sempre incluírán algún problema no que sexa necesaria a lectura comprensiva do seu enunciado e a redacción argumentada da resposta.

En ESO, en días puntuais (Día da muller, Día escolar das matemáticas, etc.) intentarase traballar sobre textos que traten sobre a historia das matemáticas, matemáticas relevantes, etc.

Ao longo do curso, para fomentar o hábito de lectura na “Hora de ler”, proporase ao Equipo da Biblioteca, a adquisición de varios libros de lectura con temática matemática, pensados para cada nivel.

## 4. SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN, E MODIFICACIÓN DO PLAN:

O seguimento do desenvolvemento do plan anual de biblioteca e a consecución dos obxectivos, realizarase en dúas etapas:

1. Revisión do plan cun periodicidade trimestral. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, e, de ser o caso, as posibles adaptación.
2. Ao remate do curso realizarase unha avaliación final, onde se incluírá a valoración do logro dos obxectivos.

## 5. DIFUSIÓN DO PLAN:

O documento estará a disposición de toda a comunidade educativa na páxina web do centro e da páxina da biblioteca, e será difundido a través das redes sociais empregadas

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.

habitualmente polo centro. Ademais estará dispoñible en formato impreso na secretaría do centro e na sala de profesores.

## 6. GLOSARIO DE ABREVIATURAS:

- **CL:** Club de lectura.
- **EB:** Equipo de biblioteca.
- **EDLG:** Equipo de dinamización da lingua galega.
- **GTB:** Grupo de traballo de biblioteca.
- **PAB:** Plan anual de biblioteca.
- **PAL:** Plan anual de lectura.
- **PB:** Plan de biblioteca.
- **PFPP:** Proxecto de formación permanente do profesorado.
- **PL:** Plan de lectura.
- **PXA:** Programación xeral anual.

<sup>1</sup> [Glosario de abreviaturas](#) ao final do documento.